



ASISTENTES C.I.

C.I.G.

M^a Jesús Losada Rodríguez
Carlos Mollinedo Lois
Antón García Fernández
Rodrigo Alberte Pivida
Federico Fernández Fernández

CC.OO.

Victoria Alonso Crespo
Aser Fernández Rey
Manuel Velasco Graña
Carmen Serra
Marcos Estévez Orge **(DS)***

U.G.T.

DELEGAN VOTO

Cándido Pérez Betanzos

AUSENTES C.I.

Juan José Fernández
Arturo Casar Sarasola.

ASISTENTES CC.EE.

Marisa Magaz Ledo

***DS-** Delegado Sindical

Reunidos nos locais sindicais do Edificio Fundación o día 21 de outubro de 2004, ás 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe dos representantes co Comité Intercentros nas distintas Comisións.
4. Denuncia do Convenio Colectivo en Vigor.
5. Estado da demanda de conflito colectivo (trienios persoal contratado)
6. Paga produtividade ano 2004
7. Solicitude reunión co xerente.
8. Proposta realización dunha asemblea xeral.
9. Transformación do persoal provinte da Escola de Relacións Laborais.
10. Consideracións feitas sobre as propostas do CI ás prazas de técnico superior dos servizos xerais de investigación e técnico especialista de microscopía electrónica.
11. Outros asuntos.
12. Rogos e preguntas

A reunión é presidida por Rodrigo Alberte, Vicepresidente do CI, ao continuar de baixa Cándido Pérez. Antes de comezar a reunión da conta dos votos delegados que, neste caso, corresponden ao debidamente enviado por Cándido Pérez que delega en Rodrigo Alberte.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

A acta da reunión correspondentes ao 21 de setembro foi enviada con antelación a tódolos membros do CI. Tras engadir algunhas suxestións, as actas apróbanse por unanimidade.

2. Informe do Presidente.

- Contratación temporal, prórrogas e mobilidade:
 - o Informa da incorporación de Cesáreo Camiña ao seu posto de TESX na ETSE de Teleco e do cese de Marisa Magaz que volve, a súa vez, o seu na conserxería da F.CC.EE.EE.
 - o Da RR pola que se outoriza a Benigno Gavilanes a realizar traballos de distinta categoría.
- Do envío por parte do Servizo de RR HH das convocatorias de técnico especialista de actividades deportivas, auxiliar técnico de actividades deportivas, técnico especialista en química e técnico especialista en bioloxía.
- Da solicitude feita por Andrés Mariño para que as asesorías xurídicas dos distintos sindicatos se pronuncien sobre a súa petición de ampliación da idade de xubilación.
- Da carta enviada ao CI por Alejandra Vilas, analista contratada do SETEI.



- Da ampliación da instrucción de 8 de setembro relativa ao réxime de xornada do persoal auxiliar de actividades deportivas.
- Das mensaxes enviadas polo traballador Marcelino Meana dando conta dunha petición de pago de vacacións e da solución favorable aos seus intereses sobre a petición do dereito a matrícula gratuíta.
- Da execución dos acordos da reunión do 15 de xuño:
 - o Escrito á xerencia sobre a interpretación que fai do pagamento dos trienios ao persoal con contratos de corta duración.
 - o Nomeamento de Carlos Mollinedo coma representante do CI en tódolos asuntos do intercambio de vacacións.
 - o Nomeamento de representantes do CI en distintos tribunais.
 - o Comunicación sobre a promoción a categoría superior de parte do persoal integrado da Escola de Relacións Laborais.
 - o Solicitude de entrevista ao reitor.
 - o Convocatoria de reunión co persoal que realiza funcións de apoio ao campus. Resumo da reunión.

Durante o informe o vicepresidente deu lectura a carta enviada por Alejandra Vilas. Vai dirixida aos membros do CI e en especial aos membros da CIG e fai referencia ao expresado na acta da reunión celebrada o 28 de xuño de 2004, Pleno no que se tratou o asunto: *“Proposta feita pola Xerencia de inclusión no 1º Convenio colectivo da Universidade de Vigo do cadro retributivo do persoal informático do ATIC e máis do responsable do parque móbil. Discusión e aprobación se procede”*. A traballadora amosa o seu rexeitamento ao aprobado nesa reunión ao argumentar que actualmente se lle conxela o salario e no futuro, no caso de aprobar a oposición de TSTIC, deixaría de percibir 4.091,4 € /ano. Aínda que o escrito trata sobre o seu caso particular refírese tamén a situación na que quedan o resto de compañeiros/as do ATIC.

Acórdase contestar a carta. É público que neste asunto, tal e como se recolle nas actas, non hai unha soa postura no CI, a resposta por forza ten que ter en conta este dato. Como tamén se dirixe aos membros da CIG, o Pleno entende que corresponde a este sindicato contestar, ou non, a parte do escrito no que se lles menciona expresamente.

Con respecto ao escrito enviado por Arturo Meana, ATSX contratado, no que relata que estando facendo unha substitución na F.CC.EE.EE. lle comunicaron, dun día para outro, o seu cese sen darlle opción nin a gozar dos días de vacacións que lle corresponderían nin a indemnización algunha. O traballador, tras este feito, dirixiuse ao servizo de nóminas para solicitar o pagamento, tanto deste caso coma doutro anterior, e a contestación que lle deron é que o abonamento deste concepto depende do que decida o/a administrador/a do centro. Noutro parágrafo pregunta se non é posible que lle permitan coller este días nun futuro contrato e remata solicitando ao CI que medie para resolver o conflito.



O Pleno entende que se un/ha traballador/a contratado/a que substitúe a outro/a non pode gozar das vacacións ao producirse a incorporación do/a substituído/a dun xeito inmediato, ten dereito a unha indemnización económica. O Pleno, así mesmo, considera irregular acumular días de vacacións dun contrato para outro.

Acórdase facer un escrito instando a xerencia a que se paguen, nestes casos, as vacacións e que este dereito non se pospoñan para próximos contratos.

No referente ao falado na reunión co persoal que fai funcións de apoio ao campus, os asistentes a dita reunión dan a coñecer o que alí se tratou e o secretario da conta do informe que realizou, non obstante, ao querer dar opinión tódolos presentes e preverse un longo debate, acórdase, para poder tratalo con tempo, incorporalo a orde do día da próxima reunión do Comité Intercentros.

3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.

Informe da reunión mantida co vicerreitor de Investigación (en representación do reitor)

Rodrigo Pivida da conta do que alí se falou poñendo énfase na información que proporcionou o vicerreitor, Manuel Velasco le un informe feito sobre a reunión, o resumo de ámbalas dúas intervencións é o seguinte:

- Antes de que remate outubro nos volverán a convocar para darnos datos sobre a estrutura da xerencia que están a preparar.
- Dentro do Plano de Xestión, no que está a traballar o equipo, preténdense conseguir o seguinte: elaboración indicadores cuantitativos, elaboración de RPTs, elaboración de marcos salariais para evitar perdas de poder adquisitivo, establecer pisos retributivos e procurar a harmonización entre os distintos grupos.
- O equipo amosou a súa intención de denunciar o vixente Convenio Colectivo.
- Mostrouse optimista con respecto a o Plan de financiamento das universidades (2005-2010) que permitirá ter marxe económico para solucionar importantes problemas do noso colectivo.

Comisión de emprego 20 de outubro 2004.

Os/as representantes do CI nesta comisión dan conta do que alí se falou: A reunión durou pouco tempo e na orde do día figuraba a contratación de dous/dúas auxiliares administrativos/as e un contrato de tres meses dun técnico especialista de medios audiovisuais (TEMA) en quenda de tarde, con respecto a esta última praza coméntase que malia que na RPT aparece no mesmo centro unha praza de TEMA que ten xornada partida o administrador considérala de quenda de mañá.

Reunión de Acción Social coa Xunta de Persoal.

Victoria Alonso, comenta as súas dúbidas respecto a si o PDI está aportando o 1% da masa salarial. Comenta tamén que nesa reunión os funcionarios propoñen xuntar a acción social de 2003 e 2004 e repartila no primeiro trimestre do ano que ven. Con respecto aos anticipos reintegrables vaise facer a proposta de ter reunión tódalas segundas



quincenas dos meses impares e de subir a contía dos cartos destinados a este fin ata os 60.000 €.

Intercambio de vacacións.

Carlos Mollinedo comenta distintas cuestións que teñen relación con este tema. O Secretario do CI solicítalle que faga un escrito onde recolla toda esa información para achegala coa acta e, así mesmo, gardala nos arquivos do Comité.

Enquisa de formación.

Aser Fernández, informa que os membros da Comisión de Formación, tras reunirse e facer algunhas pequenas corrección, acordaron publicar o cuestionario na web do intercentros e comunicalo na rede.

4. Denuncia do Convenio en vigor.

No Pleno anterior acordárase reunirmos representantes dos distintos sindicatos para valorar que partes interesaba denunciar. A dita reunión acudiron Cándido Pérez, Federico Fernández e Manuel Velasco e tras debater sobre o asunto acordaron suxerir a denuncia de todo o Convenio agás os capítulos II, III, IV e XI. Sabendo que a denuncia do Convenio pode corresponder tamén a calquera dos sindicatos asinantes o Pleno, por unanimidade, acepta a proposta feita polos seus membros.

5. Estado da demanda de conflito colectivo (trienios persoal contratado).

Ao non chegar a acordo durante a conciliación acordouse que o caso ía levalo a Asesoría Xurídica da UGT. Actualmente non sabemos como vai este proceso tendo a dúbidas ao respecto de si o proceso, tras a fracasada conciliación, segue de oficio ou hai que activalo. Ao non estar ningún representante da UGT non somos quen de resolver esta cuestión. Acórdase indagar sobre o asunto.

6. Paga de produtividade ano 2004.

Acórdase solicitar a xerencia que negocie o pagamento da paga de produtividade deste ano. Manuel Velasco, sinala tamén que é preciso lembrarlle que por mor dos acordos MAP – sindicatos o ano que ven teñen que incrementarnos un 0.74% as pagas extras.

7. Solicitude reunión co xerente.

Acórdase solicitar unha reunión co xerente para tratar os asuntos que temos pendentes.

8. Proposta para a realización dunha asemblea xeral.

Tras debater o asunto acórdase convocar unha asemblea xeral antes do 15 de decembro.

9. Transformación do persoal provinte da Escola de Relacións Laborais.

Chegado este punto, Marcos Estevez, delegado sindical de CC OO, decide ausentarse da reunión ao considerar que é parte interesada e non debe participar na decisión.



Por non aceptar a empresa a proposta feita no Pleno anterior que propuña que o auxiliar de servizos provinte da ERL iniciara a transformación xunto co resto de compañeiros/as que comparten a mesma categoría e dado que o acordo de integración de dita Escola contemplaba o cambio á categoría existente na RPT, o antes posible, o Pleno para non prexudicar a ningún traballador/a acepta que se singularice cada caso. Para tomar esta decisión tense en conta tamén que os/as auxiliares de servizos que quedan tiveron, no seu día, a posibilidade de transformarse.

10. Consideracións feitas sobre as propostas do CI ás prazas de técnico superior de servizos xerais de investigación e técnico especialista de microscopía electrónica.

Aceptase a proposta que a súa vez recollía a maioría das suxestións feitas, no seu momento, polo CI.

11. Outros asuntos.

- **Da solicitude feita por Andrés Mariño para que as asesorías xurídicas dos distintos sindicatos se pronuncien sobre a súa petición de ampliación da idade de xubilación.**

Os representantes dos sindicatos presentes na reunión aceptan solicitar un informe sobre este asunto aos seus servizos xurídicos. Tamén se lle pedirá o servizo xurídico da Universidade de Vigo e suxírese solicitarllo tamén a Xaime Cabeza e Pedro Rabanal, docentes da nosa universidade.

- **Solicitude Trituradora.**

Federico Fernández, suxire que solicitemos este aparello para desfacernos de certo tipo de documentación. O pleno asume a proposta.

- **Concurso de traslados para o ATIC**

Federico Fernández comenta se o concurso de traslados vaise abrir a todo o PAS laboral ou só aos/ás traballadores/as do ATIC.

Hai distintas intervencións, unhas que sinalan que este colectivo non participou no concurso anterior e polo tanto lles corresponde agora e outras que se inclinan por facer o concurso aberto a todos pois xa pasaron dous anos dende o anterior e xa toca. Neste punto non se chega a ningún acordo.

12. Rogos e preguntas

Sobre o recollido na acta anterior.

Antón García, que antes de comezar a reunión solicitara a primeira quenda de intervención, comenta sobre o reflectido na [acta anterior](#) (tamén en rogos e preguntas) e en relación coa situación que se deu a principios de setembro na conserxería do Edificio de Ciencias Experimentais (ECE) o seguinte:

É a primeira vez que o CI se mete a valorar e a cualificar unha situación que se deu nunha conserxería. Nunca se valorou si se cumpre ou non o horario, se determinado persoal fai ou non as súas funcións ou se os/as traballadores/as traballan de acordo ao horario que se lles está a pagar. Remata dicindo que está sorprendido, irritado e disgustado polo reflectido en dita acta.

Manuel Velasco, alega que a situación que se viviu neses días nesa conserxería foi extraordinaria e reivindica o seu dereito a interesarse e



preguntar por este ou calquera outro feito no que considere que se desatenderon as necesidades de persoal dun servizo.

Marisa Magaz, trae a colación a postura que tomou Antón García no mes de xuño¹ cando un traballador tiña permiso para participar nun campionato de futbito e unha traballadora tivo que interromper as vacacións para cubrir as necesidades de servizo da conserxería do ECE. Marisa, critica tamén a impertinencia do escrito que se solicitou e remata dicindo que nesa circunstancia Antón non se cortou en opinar sobre o que fan, ou non fan, outros/as traballadores/as.

Antón García, alega que ese problema xurdiu no CACTI e que afectou a súa conserxería de rebote. Tamén dixo: “Non son casos comparables, e que sobre todo cando se trataron, eu non fixen ningún tipo de valoración ou xuízo sobre a actuación do conserxe implicado, limíteime a manifestarlle ao Sr. Xerente, con quen estaba reunido, que esa solución que el aprobaba non me parecía a máis acertada, e que eu de ser xerente, non a aceptaría. Manuel Velasco, volve a intervir para dicir non se quere meter no traballo do TESX e que a Antón o considera un dos mellores conserxes, non obstante, neste caso carece do máis mínimo sentido autocrítico.

Carlos Mollinedo, entra na discusión para afirmar que cando se fai o cadro de vacacións hai que contentar a todo o mundo.

Antón García, pide de novo a palabra para dicir que non se vulnerou ningún dereito e que era sabido que unha ATSX quedaría soa na quenda de mañá 10 días en setembro. Tamén afirma que meteu a pata por non facer aquilo que tiña que facer e que de facelo seguro que os/as traballadores/as queixaríanse e ti (referíndose a Manuel Velasco) porías o berro no ceo.

Manuel Velasco lle pide que non emita prexuízos que iso é o que el pensa pois da súa boca non saíu nunca semellante comentario. Tamén lle recorda que a acta aprobouse ao comezo da reunión e que tivo oportunidade de cambiar o que nela está escrito, e incluso, suxerir que ese apartado non constase en acta, asegurándolle que non ten nada contra el pois o único que pretendeu foi preguntar por unha situación que considera que si compete ao CI.

Pulseiras do pulso para os TEBs

Marisa Magaz, da conta do escrito que lle remitiu ao xerente da universidade no que, na súa condición de delegada de prevención, se interesa pola solicitude de pulseiras do pulso feitas por TEB da Biblioteca de Torrecedeira, necesidade que fai extensiva a TEB doutras bibliotecas pois moitas veces teñen que mover libros ou outro material dun sitio para outro, afirmando que esta doenza está descrita como a “síndrome do túnel carpiano”. En dito escrito solicita que se tomen as medidas preventivas pertinentes e que se forme aos/ás traballadores/as na manipulación correcta de cargas para evitar este problemas. Por último solicita que os brazaletes se inclúan como prenda de traballo.

Acordos:

- **Contestar a carta enviada pola traballadora Alejandra Vilas.**
- **Acórdase facer un escrito instando a xerencia a que se paguen as vacacións nos casos nos que o/a traballador/a**

¹ Ver rogos e preguntas da acta de 15 de xullo 2004



substituente non teña tempo material para collelas e que, en ningún caso, se pospoñan este dereito para próximos contratos.

- Incluir na orde do día da próxima reunión do CI o punto: "Situación do persoal que desenvolve funcións de apoio aos campus"
- Denunciar o vixente Convenio Colectivo en tódolos apartados agás os capítulos II, III, IV e XI.
- Solicitar unha reunión co xerente para falar dos asuntos pendentes incluíndo nestes a paga de produtividade do ano 2004.
- Convocar a unha asemblea xeral a todo o PAS laboral antes do 15 de decembro do presente ano.
- Aceptar a proposta feita pola empresa de transformación do persoal provinte da Escola de Relacións Laborais. Singularizar as outras posibles transformacións.
- Aceptar as consideracións feitas polo servizo de RR HH sobre as propostas do CI ás prazas de técnico superior de servizos xerais de investigación e técnico especialista de microscopía electrónica.
- Solicitar asesoría xurídica aos servizos xurídicos dos sindicatos, da universidade e de recoñecidos expertos en dereito laboral, sobre a petición de ampliación da idade de xubilación feita polo traballador Andrés Mayor.
- Solicitar un aparello triturador de papel para dar servizo nas dependencias sindicais.

Fdo: Manuel Velasco Graña
(Secretario)

VºBº: Rodrigo Alberte Pivida
(vicepresidente)